



---

Proba de

Código

CMPC001

**Ciencias da natureza**

---

Parte científico-técnica. Ciencias da natureza



# 1. Formato da proba

---

## Formato

- A proba consta de vinte cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas, das que soamente unha é correcta.

## Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Por cada cuestión tipo test incorrecta restarase 0,125 puntos.
- Polas respostas en branco non se descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.

## Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.



## 2. Exercicio

---

1. A enerxía renovable que utiliza a enerxía cinética de subida e baixada das mareas denomínase:

*La energía renovable que utiliza la energía cinética de subida y bajada de las mareas se denomina:*

- A** Eólica.
- B** Hidráulica.
- C** Mareomotriz.

2. A enerxía que teñen os corpos en movemento denomínase:

*La energía que tienen los cuerpos en movimiento se denomina:*

- A** Cinética.
- B** Potencial.
- C** Térmica.

3. O uso da enerxía do Sol como fonte de enerxía:

*El uso de la energía del Sol como fuente de energía:*

- A** Supón o uso dunha fonte de enerxía non renovable que se atopa de forma limitada no planeta.  
*Supone el uso de una fuente de energía no renovable que se encuentra de forma limitada en el planeta.*
- B** Garante un desenvolvemento sustentable e unha fonte de enerxía inesgotable.  
*Garantiza un desarrollo sostenible y una fuente de energía inagotable.*
- C** É responsable do aumento do efecto invernadoiro, polo seu forte poder contaminante.  
*Es responsable del aumento del efecto invernadero, por su fuerte poder contaminante.*

4. O movemento de certas plantas, polo que as súas flores, os seus talos e as súas follas se orientan segundo a posición do Sol, denomínase:

*El movimiento de ciertas plantas, por el que sus flores, tallos y hojas se orientan según la posición del Sol, se denomina:*

- A** Xeotropismo.  
*Geotropismo.*
- B** Termotropismo.  
*Termotropismo.*
- C** Heliotropismo.  
*Heliotropismo.*



**5.** As plantas epífitas, como algunha carriza ou os fentos, son aquelas que:

---

*Las plantas epífitas, como algún musgo o los helechos, son aquellas que:*

- A** Crecen enriba doutras plantas.  
*Crecen encima de otras plantas.*
- B** Crecen enriba das rochas.  
*Crecen encima de las rocas.*
- C** Teñen longas raíces.  
*Tienen largas raíces.*

**6.** Cal das seguintes glándulas non pertence ao sistema endócrino?

---

*¿Cuál de las siguientes glándulas no pertenece al sistema endocrino?*

- A** Páncreas.
- B** Ovarios.
- C** Sudoríparas.

**7.** Que nome reciben os tecidos condutores que transporta o zume bruto formada por auga, sales minerais e outros nutrientes desde a raíz ata as follas das plantas?

---

*¿Qué nombre reciben los tejidos conductores que transporta la savia bruta formada por agua, sales minerales y otros nutrientes desde la raíz hasta las hojas de las plantas?*

- A** Parénquima.
- B** Xilema.
- C** Floema.

**8.** As variacións na fisionomía externa, como forma, coloración ou tamaño, entre machos e femias de dous organismos dunha mesma especie denomínase:

---

*Las variaciones en la fisionomía externa, como forma, coloración o tamaño, entre machos y hembras de dos organismos de una misma especie se denomina:*

- A** Dimorfismo sexual.
- B** Heterogamia.
- C** Isogamia.

**9.** Os animais cuxo embrión se desenvolve, tras a fecundación, no interior de ovos que se depositan no medio externo onde completan o seu desenvolvemento antes da eclosión reciben o nome de:

---

*Los animales cuyo embrión se desarrolla, tras la fecundación, en el interior de huevos que se depositan en el medio externo donde completan su desarrollo antes de la eclosión reciben el nombre de:*

- A** Ovíparos.
- B** Vivíparos.
- C** Ovovivíparos.



**10.** As células que teñen a capacidade de dividirse (a través da mitose) e diferenciarse en diversos tipos de células especializadas reciben o nome de:

---

*Las células que tienen la capacidad de dividirse (a través de la mitosis) y diferenciarse en diversos tipos de células especializadas reciben el nombre de:*

**A** Células haploides.

*Células haploides.*

**B** Células sexuais.

*Células sexuales.*

**C** Células nai.

*Células madre.*

**11.** Os organismos autotrofos:

---

*Los organismos autótrofos:*

**A** Deben alimentarse coas substancias orgánicas sintetizadas por outros organismos.

*Deben alimentarse con las sustancias orgánicas sintetizadas por otros organismos.*

**B** Sintetizan todas as substancias esenciais para o seu metabolismo a partir de substancias inorgánicas, de xeito que para a súa nutrición non necesitan outros seres vivos.

*Sintetizan todas las sustancias esenciales para su metabolismo a partir de sustancias inorgánicas, de manera que para su nutrición no necesitan otros seres vivos.*

**C** Transforman os alimentos en nutrientes mediante o proceso de dixestión.

*Transforman los alimentos en nutrientes mediante el proceso de digestión.*

**12.** É o compoñente principal da atmosfera terrestre, pero non pode ser asimilado directamente pola maioría dos seres vivos:

---

*Es el componente principal de la atmósfera terrestre, pero no puede ser asimilado directamente por la mayoría de los seres vivos:*

**A** Osíxeno.

*Oxígeno.*

**B** Carbono.

*Carbono.*

**C** Nitróxeno.

*Nitrógeno.*



**13.** A terapia xénica é unha técnica que consiste en:

---

*La terapia génica es una técnica que consiste en:*

- A** Inserción de xenes funcionais ausentes no xenoma dun individuo para tratar doenzas.  
*Inserción de genes funcionales ausentes en el genoma de un individuo para tratar enfermedades.*
- B** Proceso polo que se conseguen copias idénticas dun organismo.  
*Proceso por el que se consiguen copias idénticas de un organismo.*
- C** Alteración do material hereditario (xenoma) pola introdución artificial dun xene doutro organismo completamente diferente.  
*Alteración del material hereditario (genoma) por la introducción artificial de un gen de otro organismo completamente diferente.*

**14.** A respiración celular é o conxunto de reaccións bioquímicas polas que determinados compostos orgánicos son degradados producindo enerxía aproveitable pola célula, e ten lugar en:

---

*La respiración celular es el conjunto de reacciones bioquímicas por las cuales determinados compuestos orgánicos son degradados produciendo energía aprovechable por la célula, y tiene lugar en:*

- A** Os pulmóns.  
*Los pulmones.*
- B** As mitocondrias.  
*Las mitocondrias.*
- C** Os cloroplastos.  
*Los cloroplastos.*

**15.** Que obtén o organismo tras a dixestión das proteínas?

---

*¿Que obtiene el organismo tras la digestión de las proteínas?*

- A** Vitaminas.
- B** Monosacáridos.
- C** Aminoácidos.

**16.** Cal das seguintes doenzas é hereditaria?

---

*¿Cuál de las siguientes enfermedades es hereditaria?*

- A** Sarampelo.  
*Sarampión.*
- B** Tuberculose.  
*Tuberculosis.*
- C** Hemofilia.  
*Hemofilia.*



**17.** Cal destes tipos de substancias se usa fundamentalmente para previr a aparición de doenzas?

*¿Cuál de estos tipos de sustancias se usa fundamentalmente para prevenir la aparición de enfermedades?*

- A** Antibióticos.  
*Antibióticos.*
- B** Vacinas.  
*Vacunas.*
- C** Antivirais.  
*Antivirales.*

**18.** Cal das seguintes doenzas é producida por un protozoo?

*¿Cuál de las siguientes enfermedades es producida por un protozoo?*

- A** Paludismo.  
*Paludismo.*
- B** Tuberculose.  
*Tuberculosis.*
- C** Salmonelose.  
*Salmonelosis.*

**19.** O infarto de miocardio é a principal causa de morte en todo o mundo. Pero, que é o miocardio?

*El infarto de miocardio es la principal causa de muerte en todo el mundo. Pero, ¿que es el miocardio?*

- A** As arterias coronarias que irrigan o corazón.  
*Las arterias coronarias que irrigan el corazón.*
- B** Tecido muscular do corazón, músculo encargado de bombear o sangue polo sistema circulatorio mediante contraccións.  
*Tejido muscular del corazón, músculo encargado de bombear la sangre por el sistema circulatorio mediante contracción*
- C** Válvulas cardíacas que están nos condutos de saída das catro cavidades do corazón.  
*Válvulas cardíacas que están en los conductos de salida de las cuatro cavidades del corazón.*

**20.** Un analxésico é un medicamento utilizado para:

*Un analgésico es un medicamento utilizado para:*

- A** Eliminar ou diminuír a dor.  
*Eliminar o disminuir el dolor.*
- B** Tratar infeccións bacterianas.  
*Tratar infecciones bacterianas.*
- C** Inducir somnolencia e sono.  
*Inducir somnolencia y sueño.*



### 3. Solución para as preguntas tipo test

Nº	A	B	C	
1			X	
2	X			
3		X		
4			X	
5	X			
6			X	
7		X		
8	X			
9	X			
10			X	
11		X		
12			X	
13	X			
14		X		
15			X	
16			X	
17		X		
18	X			
19		X		
20	X			
Nº de respostas correctas (C)				
Nº de respostas incorrectas (Z)				
Puntuación do test = $C \times 0'5 - Z \times 0'125$				

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0'125 puntos. As respostas en branco non descontarán puntuación.**